OS MARCADORES TEXTUAIS

ORGANIZADORES (Para estruturar a información)

- **Para ordenar as ideas (inicio, continuidade, enumeración, peche)**: en primeiro lugar, para empezar, en segundo lugar, a seguir, por un lado/unha parte, por outro lado/outra parte, por último, finalmente...
- **Para inserir digresións ou comentarios**: por certo, a propósito, pois ben, falando de...

CONECTORES (Para ligar ben as ideas)

- **Para engadir ideas relacionadas (aditivos)**: ademais, tamén, así mesmo, do mesmo xeito, igualmente, á parte diso, alén diso, e aínda máis...
- **Para confirmar e ampliar (de reforzo):** en efecto, así é, efectivamente, de feito...
- **Para inserir detalles e exemplos (de concreción):** por exemplo, en concreto, concretamente, en particular, como ilustración...
- **Para contrastar ideas ou indicar oposición (contraargumentativos)**: ante isto, pola contra, polo contrario, en cambio, porén, agora ben, non obstante, con todo, así e todo...
- **Para ligar causas e consecuencias (causais, consecutivos)**: debido a, por causa de, entón, daquela, polo tanto, por iso, por conseguinte, así pois...
- **Para explicar mellor, rectificar, precisar (reformuladores)**: ou sexa, é dicir, quer dicir, ou o que é o mesmo, mellor dito, máis ben, noutras palabras, en calquera caso, de todos os xeitos, en todo caso, iso si...
- **Para resumir e pechar (reformuladores recapitulativos):** en resumo, en síntese, en conclusión, visto o anterior, en definitiva...

MODIFICADORES TEXTUAIS (Para orientar o sentido)

- **Para introducir a actitude do emisor ou amosar puntos de vista**: sen dúbida, sinceramente, por sorte, habitualmente, desde a nosa posición...
- **Para situar a información (tema, fontes, marco...)**: no que se refire a, a respecto de, no que atinxe a, en canto a, segundo este informe, como dixo X, nestas circunstancias...

MODALIZADORES (Para indicar valoración na conversa)

- **Marcadores conversacionais**: claro, de acordo, desde logo, por suposto, vale...

Non se deben confundir os marcadores, que axudan a interpretar a mensaxe, cos nexos (conxuncións e locucións conxuntivas), que ligan constituíntes da oración.

Dáseche ben, pero tes que mellorar.

Dáseche ben. En todo caso, tes que mellorar.

Os marcadores poden ser:

- conxuncións e locucións conxuntivas (mais...),
- adverbios e locucións adverbiais (tamén...),
- locucións prepositivas (a respecto de...)
- sintagmas (en resumo...)
- ou oracións (se temos isto en conta...)

AS PALABRAS INVARIABLES

Son aquelas que non teñen morfemas flexivos e, polo tanto, non sofren modificacións de xénero, número ou persoa.

ADVERBIOS

Complementan o significado dun verbo, un adxectivo ou outro adverbio.

- **Despois** falou.
- É **moi** pobre.
- É **demasiado** lonxe.

PREPOSICIÓNS

Relacionan palabras e sintagmas.

- A aula **de** informática.

As locucións prepositivas funcionan como preposición. Soen ser:

ADV+PREP: diante de...
PREP+SUBST+PREP

CONXUNCIÓNS

Relacionan oracións (tamén sintagmas e palabras).
As coordinantes unen elementos equivalentes.
As subordinantes, oracións con relación de subordinación.

Os ADVERBIOS DE CANTIDADE poden chegar a confundirse cos ADXECTIVOS DETERMINATIVOS INDEFINIDOS. Mais, estes determinan un nome:

Marcos comprou demasiado pan.